

EL SECRETO DEL GALEÓN, ANA ALCOLEA

O 22 de febreiro reunímonos co alumnado de 2º de ESO para comentar *El secreto del galeón*, de Ana Alcolea. Cheos de ilusión falamos de Carlos e Marina, os protagonistas da novela, separados polo tempo, pero unidos por un misterio que chega á actualidade.



Charlamos sobre Marina, unha rapaza especial que viaxa a España dende as colonias americanas e que asegura que non quere casarse senón ser mariñeira e viaxar polo mar.



Tamén falamos sobre a escrava Ramira, unha muller que sufriu todo tipo de abusos e desgrazas propios da súa condición, pero que leva consigo o poder da maxia dos seus antepasados.



E, sen dúbida, referímonos a Carlos e aos seus pais, que deben investigar os restos dun galeón afundido no océano Atlántico e desentrañar o seu misterio...

Foi unha xornada realmente entretida!!!